



Concello de O Incio

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO CEIP RICARDO GASSET DO CONCELLO DE O INCIO E AS SÚAS INSTALACIÓNS.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.-

O presente prego ten por obxecto definir as condicións técnicas, desenvolvemento dos traballos, recursos humanos, cualificación técnica, medios materiais e maquinaria, que rexerán na prestación do servizo de limpeza e desinfección e a retirada e depósitos dos residuos do Centro escolar CEIP RICARDO GASSET e as súas instalacións.

Os citados servizos afectan a todas as dependencias e de tódalas plantas do referido centro escolar. Así mesmo se inclúen no obxecto do contrato calquera outra zona incorporada ao edificio (pavillón polideportivo, zonas de acceso, patios exteriores, etc...).

Realizarase limpeza dos demais espazos tanto abertos como pechados e demais zonas de acceso vinculados ao centro, recollendo papeis e todo tipo de lixo.

Se por calquera circunstancia, o edificio ou algunha dependencia do mesmo non estea en uso ou se peche durante algún período (vacacións ou calquera outra circunstancia), e por elo, non sexa necesario presta-lo servizo, deduciráselle dos custos totais a cantidade correspondente ao período de inactividade. O Concello, non obstante, reservarase a potestade de continuar pagando os importes dos servizos non realizado e emprega-los mesmos para a realización de servizos especiais noutras dependencias ou calquera instalación dependentes do Concello de O Incio, segundo necesidade e a criterio do mesmo.

2.- REDUCIÓN DOS SERVIZOS.-

2.1.- Redución dos servizos.

Si durante el prazo de execución do contrato se suprima algunha dependencia, disminuirán superficies, se deducirá do custo total do servizo o valor que resulte da aplicación proporcional das suprimidas, sen que o adxudicatario teña dereito a indemnización algunha, nin polo servizo nin polo persoal.

3.- PLAN DE TRABALLO.-

3.1.- Os servizos realizaranse en xornada de tarde, de luns a venres, ámbolos dous inclusive, agás en períodos vacacionais, sempre que así se autorice pola dirección do centro ou o Concello. Porén, o horario poderá ser redefinido en calquera momento en función das necesidades do respectivo Centro pola Dirección do mesmo ou o Concello. O persoal que a empresa adxudicataria poña a disposición do servizo será o adecuado para obter o máximo nivel de calidade nas prestacións obxecto do contrato, para tal fin o adxudicatario distribuirá o dito persoal nos días e quendas do

Concello de O Incio



Concello de O Incio

xeito que considere oportuno, previa aceptación polo persoal do Concello.

3.2.- As tarefas a realizar e as frecuencias das mesmas indícanse neste PPT detallado e o horario para desenvolver os traballos axustarase á actividade a desenvolver nos edificios e nas súas dependencias, e ao tempo de non utilización do mesmo, establecéndose de acordo coa Dirección do respectivo Centro Escolar. De non se poder axustar os traballos a non utilización do mesmo, estes desenvolveranse de xeito que menor molestia ocasionen e sen que en ningún caso entorpezan as actividades a desenvolver no edificio, e sempre seguindo as instrucións que polo persoal do Concello se lle asignen.

As condicións técnicas resinadas no presente prego, deben ser consideradas como mínima, polo tanto, poderán ser melloradas polos licitadores en todo o que supoña un beneficio para para este Concello. Neste caso o adxudicatario deberá presentar no prazo máximo dun mes dende a formalización do contrato un proxecto de Prestación do Servizo.

3.3.- En xeral os servizos para prestar polo adxudicatario alcanzarán:

a.- A realización de todos os traballos necesarios para conseguir un estado de limpeza óptimo, no máis amplo sentido, debendo contar con persoal idóneo, en número e competencia profesional, así como cos equipos de ferramentas, maquinaria e útiles de limpeza e produtos para a mesma, de eficacia contrastada.

b.- A retirada e depósito dos residuos aos puntos máis próximos situados na vía pública para cada tipo de recollida (incluído papel, cartón e pilas ou calquera outra fracción que determinen as ordenanzas municipais), en bolsas e nos horarios sinalados para cada tipo de residuos e zona do municipio, agás que o edificio dispoña dun procedemento especial de recollida de papel e/ou pilas, ou outra fracción.

3.4.- O obxecto de limpeza serán as superficies dos chans, paredes, cristais, persianas, fiestras, ascensores, mobiliario, luminarias, cortinas, alfombras, portas, vitrinas, sanitarios, limpeza e regado de plantas decorativas e calquera outro elemento que se atope nos edificios - papeleiras, encerado (sempre que estean borrados), equipos de extinción de incendios, obxectos de decoración..., salvo o que afecte o funcionamento de elementos mecánicos. Será por conta do Concello a subministración de auga e enerxía eléctrica necesarias para o desenvolvemento dos traballos. O uso incorrecto ou abuso destes recursos, de maneira inxustificada, será obxecto de penalización por incumprimento do servizo.

Os espazos, mobles, elementos decorativos, etc., limpanse cos produtos adecuados ao material de que se trate e a frecuencia necesaria para lograr que queden limpos e en perfecto estado de conservación.

Os baños e aseos deben limpase e fregarse con produtos desinfectantes e xermicidas, empregando produtos xeradores de ozono ou ambientadores e xabóns biolóxicos, na limpeza de aseos, azulexos e espellos. De xeito mensual efectuarase unha limpeza a fondo, desinfectando alicatados, mobiliario, etc... existente nestes locais.

As lousas limpanse sempre con un trapo seco. Non se utilizarán produtos de

Concello de O Incio



Concello de O Incio

limpeza nin auga. A empresa será responsable da reposición do encerado, en caso de deterioro por non cumprir esta indicación.

3.5.- As condicións contidas neste prego deben entenderse mínimas e de obrigado cumprimento, e non exclúen calquera outra necesaria para o bo cumprimento dos fins do servizo que se pretende contratar, de pouca transcendencia e afecte a algunha tarefa específica.

3.6.- As horas para cumprir, as tarefas principais e as frecuencias fixadas no prego o son, sen prexuízo dos requirimentos puntuais que se consideren necesarios para o bo fin do servizo e da programación que poida realizar o Concello, por motivo de circunstancias extraordinarias ou especiais das actividades que se desenvolven no edificio ou en calquera dependencia do mesmo, obxecto do contrato.

3.7.- As limpezas mensuais e anuais, que se entenden como limpezas a fondo, desenvolveranse durante o período do ano que conveña ao edificio, en función do servizo municipal que se presta.

3.8.- O licitador poderá formular na súa proposición unha bolsa cun número de horas extraordinarias gratuítas de limpeza para o desenvolvemento e atención de tarefas extraordinarias ou especiais, cun máximo de 30 horas anuais.

4.- FRECUENCIAS E PERIODICIDADE DOS SERVIZOS.-

a) PERIODICIDADE DIARIA:

- Varrido, fregado e limpeza de po, por procedemento en seco ou húmido, segundo as necesidades, en todos os locais e dependencias de uso diario. Zonas comúns (incluíndo o hall de entrada), ascensores, oficinas, despachos, aulas, salóns de actos, salas de lectura, salas de informática, accesos, zonas de descanso, aseos, corredores, pasamáns e escaleiras. Fregado de chans con deterxente desinfectante incorporado na auga.
- Limpeza de mobiliario e elementos decorativos. Pupitres e mesas de alumnos, cadeiras, mesas, teléfonos, cadros, armarios, estantes, lámpadas de mesa, plantas decorativas, ordenadores, zócalos, pasamanos e varandas de escaleira. Regado de plantas naturais, no seu caso, e en época en que proceda.
- Baleirado e limpeza de papeleiras. Fregado e desinfección.
- Limpeza e desinfección completa de aseos. Recollida de contedores hixiénicos en aseos. Aparellos sanitarios e revestimentos de paredes e chans.
- Recollida de lixo nos espazos tanto abertos como pechados e demais zonas de acceso vinculados aos centros recollendo papeis e todo tipo de lixo, trasladándoos aos colectores correspondentes.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

- Retirada de embalaxes, desperdicios e obxectos que deteriorenen a imaxe do servizo tanto do interior do edificio como dos espazos exteriores, trasladándoos aos colectores correspondentes.
- Ventilación de tódalas instalacións.
- Retirada de residuos e lixo que se produza na zona para limpar correspondente a cada dependencia ou local, transportándoa e depositándoa no interior dos colectores correspondentes. Non debe existir ningún residuo nos edificios nin nas zonas anexas a estes.
- Eliminación de calquera tipo de pintada ou "grafiti" en paramentos da edificación, comprendendo tanto as zonas interiores como os zócalos e fachadas do exterior. Este apartado realizarase de forma inmediata á súa localización e con especial interese nas carpinterías interiores de aseos.
- Retirada de calquera tipo de cartel anunciador, adhesivo, propaganda ou similar colocado en paramentos non autorizados para tal fin tanto da edificación nas zonas interiores como zócalos e fachadas do exterior. Este apartado realizarase de forma inmediata á súa localización.

b) PERIODICIDADE SEMANAL.-

- Limpeza de portas, manillas e madeiras.
- Limpeza das aulas e locais que non teñen uso diario, a determinar indistintamente pola Dirección do Centro ou polo Concello.

c) PERIODICIDADE QUINCENAL.-

- Limpeza e desinfección completa dos aseos do Pavillón do CEIP RICARDO GASSET. Recollida de contedores hixiénicos en aseos. Aparellos sanitarios e revestimentos de paredes e chans.
- Visita e control do encargado da empresa.

d) PERIODICIDADE MENSUAL.-

- Limpeza xeral de todo o edificio e instalacións, paredes, azulexos, puntos de luz e aparatos de iluminación, teitos, zócalos, armarios, letreiros, indicadores, equipos de extinción de incendios, persianas, limpeza a fondo de radiadores e zonas de influencia, cristais interiores e exteriores e elementos análogos, desinfección de alicatados, mobiliario, etc... existente nestes locais.
- Limpeza da pista de xogo do pavillón do colexio.

e) PERIODICIDADE ANUAL.-

Concello de O Incio



Concello de O Incio

- Limpeza de tódolos cristais do CEIP RICARDO GASSET.
- Limpeza de estores e persianas en xeral, incluído o seu montaxe e o seu desmontaxe.
- Limpeza xeral do mes de setembro e xaneiro, con anterioridade ao comezo das clases que incluírá, ademais dunha limpeza a fondo dos edificios e espazos e zonas de acceso vinculados a cada centro, así como a limpeza do interior do mobiliario.

As datas concretas de realización dos labores de limpeza que non teñan carácter diario serán acordadas indistintamente coa Dirección do Centro ou co Concello e asumida por parte da empresa adxudicataria.

5.- SERVIZOS EXTRAORDINARIOS E ESPECIAIS.-

5.1.- O contratista adxudicatario queda obrigado a efectuar a limpeza que se precise con motivo da realización, de calquera actividade ou acontecemento extraordinario (a título de exemplo: celebracións, reunións, cursos, etc...) deban desenvolverse no inmovible con carácter extraordinario, sen prexuízo do disposto nos apartados 3.8, 3.9 e 3.10 do presente prego de prescricións técnicas. En ningún caso se considerarán como servizos extraordinarios e especiais aos efectos de facturación os referidos a emerxencias, imprevistos e obras referidos no apartado 7 do presente prego de prescricións técnicas.

O responsable municipal, avisará ao contratista - adxudicatario do día hora e zonas afectadas polos eventos, polo menos con 24 horas de antelación, para que dispoña dos recursos adecuados para efectuar ese servizo de limpeza.

O adxudicatario obrígase a dispoñer da capacidade suficiente para asumir este tipo de limpeza por medio da mobilización dos seus recursos.

En caso de ter que realizar algún traballo extraordinario, a valoración e facturación efectuarase en base ao tempo dedicado aos mesmos e ao prezo/hora que resulte da oferta do adxudicatario, sendo este aplicable con independencia das especialidades que requira.

5.2.- O adxudicatario deberá dispoñer dun servizo para emerxencias de limpeza, de luns a domingo en horario de 08:00 a 20:00 horas, con teléfono móbil e medio de transporte necesario para poder trasladarse aos distintos edificios municipais, cos útiles de traballo necesarios para poder atallar calquera situación de urxencia.

O custo deste servizo entenderase incluído no prezo ofertado para a prestación do servizo nos edificios a que se refire o presente prego de prescricións técnicas.

6.- PRODUTOS A EMPREGAR E MEDIOS MATERIAIS.-

6.1.- Os pavimentos de mosaico ou baldosa fregaranse con lixivia en baixas doses e xabóns líquidos que non os danen, e, ademais, sexan antiesbaradío e

Concello de O Incio



Concello de O Incio

ambientadores. Periodicamente empregaranse desinfectantes de tipo medio.

As superficies de mármore limpanse con area específica mesturada con xabón de lavar; non se debe empregar lixivia nin outros produtos abrasivos agás nos casos que deban quitarse manchas que ofrezan grande dificultade e previo consentimento da dirección do centro.

Os chans de madeira, así como aqueloutros que poidan establecerse a base de linóleo ou mármore encerado, deberán ser obxecto dun especial coidado á hora de fregalos, tanto en canto ao tipo de produtos como á súa periodicidade.

Para manter as debidas condicións hixiénico - sanitarias dos servizos, aseos, teléfonos e outros elementos de uso común, a empresa deberá empregar produtos xermicidas e bactericidas axeitados e non insalubres.

Os metais e dourados limpanse con produtos exentos de amoníaco.

De se-lo caso, a limpeza das salas de depósitos, deberá facerse mediante métodos de aspiración do lixo, a fin de evita-lo seu espallamento.

Os equipos ofimáticos (ordenadores, fotocopiadoras, fax, calculadoras, impresoras, equipos audiovisuais, teléfonos, etc...), limpanse manténdose limpos de po, e desinfectándoos e na medida que sexa posible, mediante elementos que permitan a eliminación da electricidade estática.

6.2.- A calidade dos produtos empregados serán de primeira calidade, non permitíndose o uso de produtos de baixa calidade ou que non estean homologados e inscritos no Rexistro Xeral Sanitario ou calquera outro que resulte esixible. Neste senso, o persoal designado polo Concello, poderán esixir outros produtos de superior calidade, en razón a un mellor cumprimento do obxecto do contrato.

6.3.- Os produtos e materiais a utilizar estarán adecuadamente envasados e levarán impresa a marca correspondente e serán de recoñecida calidade para a limpeza e desinfección das instalacións obxecto deste contrato, en canto a tipos de chan, mobiliario e accesorios varios que se atopen nelas. Levarán impreso, nun lugar visible, o procedemento de uso correcto, modo de aplicación e condicións de manexo, así como as condicións de seguridade que lle son propias ós envases e o grado de perigosidade de cada un dos produtos, debidamente indicado segundo os iconos estándar.

En todo caso, os produtos de limpeza a utilizar reunirán as condicións que marca a súa lexislación específica.

Por motivos de seguridade, tódolos produtos que se utilicen para a limpeza de chans e pavimentos deben ser antideslizantes.

6.4.- Se o adxudicatario estima necesario modificar as características dos produtos en uso, deberá comunicalo previamente á dirección do centro facilitando características e referencias o máis amplas posibles do novo produto a utilizar, o cal poderá aceptar ou desestimar a modificación proposta.

Concello de O Incio



Concello de O Incio

En todo caso, e en calquera momento, o responsable do contrato do Concello poderá indica-la necesidade de cambio inmediato dun produto por outro.

6.5.- Se, como consecuencia de avances tecnolóxicos ou por cambios de disposicións legais, aprobábase ou se obrigase á adopción de novos produtos de limpeza, consumibles ou outros medios para utilizar na prestación do servizo, distintos dos dispostos á entrada en vigor do contrato, o adxudicatario estará obrigado a realizar as adaptacións oportunas, sen que dea lugar á modificación do contrato nin á alteración do prezo do servizo

6.6.- O adxudicatario deberá achegar toda a maquinaria de limpeza e equipos auxiliares necesarios, así como os seus repostos (aspiradoras de po e de auga, abrillantadoras, pulidoras, etc...), accesorios (caldeiros, fregonas, mangueras, carros, etc...), vestiario (con distintivo da empresa, o nome do traballador e a súa identificación como persoal de limpeza), ferramentas, estadas, escaleiras, elementos especiais de protección e seguridade e, en xeral, calquera material ou produto que se precise para a correcta prestación do servizo, aínda que non se citen expresamente (xabóns, lixivias, abrillantadores, ceras, desinfectantes, ambientadores, limpacristais, limpametais, etc.), sendo da súa conta a súa adquisición.

6.7.- O persoal destacado nos edificios deberá dispoñer do vestiario de traballo dende o primeiro día de contrato. O concello deberá da-lo visto bo ó vestiario subministrado, podendo rexeitalo no caso de non consideralo adecuado.

7. - EMERXENCIAS, IMPREVISTOS E OBRAS. –

A empresa adxudicataria, asumirá, dentro do prezo do contrato, os servizos de recollida de augas en caso de inundación, sexa cal fora a súa natureza. Limparanse de inmediato os danos e manchas que se produzan como consecuencia de accidentes, obras, pinturas ou calquera outra causa.

8. - PERSOAL EN ACTIVO.-

8.1.- A empresa comprométese a manter en todo momento o servizo cuberto, de tal forma que o adxudicatario proverá ao seu cargo as suplencias e quendas precisos nos casos de baixa por enfermidade, accidente, vacacións ou permisos do persoal adscrito ao servizo.

8.2.- O adxudicatario queda obrigado a presta-los servizos co persoal axeitado e coa aptitude necesaria para a prestación dos mesmos, e o mesmo deberá garda-la obediencia debida das ordes das ordes dadas polo responsable do Concello, no que se refire á ordenación, forma e réxime de prestación dos servizo, quedando facultado a Dirección do Centro respectivo, directamente ou a proposta do Concello, para insta-la substitución ou cambio do/da traballador/a.

8.3.- O contratista achegará o persoal necesario para a execución do contrato, que en todo caso será suficiente para cubrir o horario esixido neste prego.

8.4.- O persoal dependerá única e exclusivamente da empresa adxudicataria, a

Concello de O Incio



Concello de O Incio

cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de empresario respecto del. Todo o persoal que preste o servizo non terá co Concello de O Incio ningún tipo de relación laboral. Ningún deles adquirirá relación xurídica de emprego ou función co Concello de O Incio, e tampouco poderá ser alegado como determinante de expectativas de dereitos, nin sequera o de preferencia para futuras contratacións.

Calquera modificación no número de persoas distinta á proposta polo adxudicatario debe ser comunicada con carácter previo ó órgano de contratación.

8.5.- O adxudicatario deberá designar un encargado ou unha persoa persoa responsable da propia empresa, facilmente localizable que o represente, cos debidos coñecementos da actividade obxecto do servizo e con poderes de organización suficientes para adoptar solucións no momento no que sexan necesarias. Os traballadores da empresa contratada, actuarán en todo momento de permanencia no edificio, baixo as ordes dese encargado ou persoa responsable que supervisará a execución dos servizos contratados, ademais da observancia da normativa de seguridade e hixiene no traballo.

8.6.- Así mesmo o adxudicatario obrígase a comunicar ao Concello, a relación inicial e tódalas variacións que se produzan no persoal que pola súa conta destine ao servizos que se contrata, todo isto para ao obxectos de proporcionarlle a autorización necesaria para o acceso ao lugar de traballo

8.7.- Os danos producidos sobre os bens por culpa ou negligencia do persoal ao seu servizo serán resarcidos polo contratista.

9.- RESPONSABILIDADE CIVIL.-

O Adxudicatario responderá das subtraccións de calquera material, valores ou efectos probadamente realizados polo seu persoal.

O adxudicatario responderá tamén dos posibles danos e perdas que o persoal de limpeza ocasione no local, mobiliario, instalacións ou calquera outro ben de propiedade dos centros, debendo, de ser o caso, proceder á correspondente indemnización. Para estes efectos, o adxudicatario deberá acreditar, antes da formalización do contrato de servizo, a constitución dunha póliza de seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de 18.000 euros, que cubra o risco de responsabilidade civil na que poida incurrir polas actuacións do persoal de limpeza con motivo da execución do contrato.

10.- SEGURIDADE E SAÚDE.-

Con carácter xeral, a empresa adxudicataria deberá adoptar todas as medidas necesarias encamiñadas ao total cumprimento das obrigas relativas á Seguridade e Saúde, conforme a normativa que en cada momento resulte aplicable en materia de prevención de riscos laborais. Os produtos e as substancias empregados no traballo deberán estar envasados, empacquetados e etiquetados de forma que permita coñecer inmediatamente o seu contido e os riscos para a saúde dos traballadores que o seu

Concello de O Incio



Concello de O Incio

almacenamento ou utilización comporte.

O contratista deberá informar os traballadores sobre a forma correcta de utilización dos produtos e materiais usados na prestación de servizo, as medidas preventivas adicionais que deben tomarse e os riscos que leve consigo tanto o seu uso como a súa manipulación ou emprego inadecuado. Deberá presentar ante o Concello o mesmo día do inicio dos traballos a relación de produtos e a súa composición, que será complementaria á declaración do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais, que será da exclusiva responsabilidade da Empresa.

Igualmente depositarase no Concello a documentación relativa á avaliación de riscos e plan de prevención aplicable aos traballadores afectos ao servizo obxecto deste contrato.

11.- COMPETENCIAS E DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN.-

O titular da dirección do respectivo Centro, exercerá as competencias atribuídas ao director do traballo, e, en especial, correspóndelle establecer o horario no que os traballadores desenvolverán a súa xornada, así como o control e seguimento da correcta execución do contrato, así como propoñer, ao Concello, no seu caso a adopción de medidas conducentes á mellora do servizo e as correccións oportunas en relación co posible incumprimento do establecido no presente prego, no de cláusulas administrativas, na oferta formulada e no resto da normativa xeral de aplicación. Todo elo sen prexuízo da facultade de inspección que o Concello pode asumir a traveso dos seus técnicos ou Delegado correspondente.



Concello de O Incio

DILIXENCIA: De conformidade co establecido no artigo 116 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo R. D. Legislativo 3/2.011, de 14 de novembro, a medio de resolución da Alcaldía – Presidencia n.º 40/2016, de 01 de setembro de 2016, acordou aproba-lo presente Prego de Prescricións Técnicas.

A SECRETARIA – INTERVENTORA

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)